



PROXECTO DE RECUPERACIÓN DA TRADICIÓN ORAL NA CONTORNA DE VILADONGA (2). CONCELLO DE CASTRO DE REI

Ana María Rubiero da Pena,
Carolina Pérez Pérez, Gloria Abelleira Vega

Enquisa: Ansemar. 11 de marzo de 2015

EDELMIRO GARCÍA PÉREZ
(San Salvador de Ansemar. 80 anos)



Edelmiro García Pérez

O 11 de marzo de 2015 achegámonos á casa de Edelmiro García Pérez. Edelmiro naceu en Ansemar, no barrio do Carril, na casa de Campelo o 1 de xuño de 1934, casou con Hortensia Cupeiro Vega de San Martiño de Goberno e viviron alí no barrio da Anocata fai uns doce anos que volveron para Ansemar a coidar dos seus pais, á casa onde el nacera; tiveron dous fillos, José Luis e Marisa. Edelmiro foi labrador.

Os que o coñecen contan que Edelmiro sempre foi moi vital, cantaruxeiro e imaxinativo o que puidemos comprobar no tempo que estivemos con el. Durante aproximadamente vinte anos foi autor e lector das estrofas do Entroido de Val de Francos que se len o martes antes da queima do Entroido; algunhas delas publicadas no libro *Mais de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*, do que damos conta na bibliografía e no artigo que José Manuel Blanco Prado e M^o Carme Pernas Bermúdez fan para o número 19 da revista *Croa do Museo do Castro de Viladonga*¹. Agora Edelmiro, pola súa saúde, non pode ler as estrofas no campo do Carril pero segue a axudar e colaborar coa súa familia a preparalas, de feito neste artigo reproducimos o Sermón do Entroido de Val de Francos deste ano 2016 que os autores tiveron a ben deixarnos publicar.

¹ BLANCO PRADO, J.M. / PERNAS BERMÚDEZ, M^o C. (2009), "Achegas históricas ao entroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI", *Croa. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, nº 19, 2009, Xunta de Galicia, pp. 58-83.

O ENTROIDO

O Entroido de Val de Francos sempre tivo moita sona, en especial o celebrado na parroquia de Ansemar que segundo nos conta Edelmiro resistiuse ás prohibicións da ditadura.

- "O carnaval estivo prohibido pero aquí houbo carnaval sempre, en Ansemar houbo sempre, durante a vida de Franco e todo, porque de aquela non se podía andar coa cara tapada e non podía haber carnavales, ... O carnaval consistía, había un predicador, antes tiraban tamén, arrancábaselle a cabeza ó galo... o galo vivo, iban en bestas e arrancábanlle a cabeza, o galo colgado dunha pata nunha corda e os corredores iban e arrancábanlles a cabeza, eso despois prohibírono, agora xa non hai eso, ahí en Xermade aínda o fixeron pero con galos de plástico... e esto (sermón do Entroido) hai por ahí 15 anos que lle lo fago eu, o sermón".

O Entroido non sempre estivo ben visto polas autoridades políticas e eclesiásticas, de feito na ditadura do xeneral Franco foron prohibidas as súas manifestacións "por atentar contra las buenas costumbres". A recuperación desta festividade en Val de Francos prodúcese no ano 1992 e é na parroquia de Ansemar onde, de novo, se ía volver celebrar, recordando aqueles tempos onde "a tradición estivera máis enraizada e casamente no mesmo sitio, o Campo do Carril, no que antano se celebraba"². X.M. Carballo no prólogo da publicación que se fai sobre a festa, refírese a unha estrofa que concentra a historia recente deste Entroido "Balmonte, Gobierno e Ansemar, xuntas o Antroido van festexar, i é tan fermosa esta unión que mesmo agranda o corazón"³.

Edelmiro explícanos como se estruturaba e as bromas que se gastaban.

- "No carnaval, había os fareleiros, había o predicador, os fareleiros era como unha guardia de seguridad que había para cando había bestas pa separar á xente pa tras, pa que non mancaran a naide as bestas;

o predicador era para criticar a todos, aos curas, aos médicos e aos políticos e todo eso e despois había por ahí algunha argallada, algunha trastada, que se soupera pois tamén se publicaba ese día... Antiguamente diciámolo de memoria (o sermón), un calquera, ... decíase o martes de carnaval... era como un diálogo, había dous...; (facíase) no palco da música, onde había a festa pois era onde o lían; ... tes que procurar que rime a segunda linea do verso co resto, ... despois véndenos".

- "... Tinguir polo carnaval, tirar neve ou auga, ... pasar polo lado dunha persona cun trapo tinguído e ... con tinta dunha sartén ou algo por ahí...; acórdome un ano, ese día non estaba eu, estaba un irmao meu e tiñan unha cachola amolecendo nun cubo de auga e agarraron o cubo e mandáronlle a auga uns aos outros e ahí vai a cachola; outra vez estabamos... unha prima nosa... e resulta que estabamos unhos cuantos xogando e meu irmao estaba sentado ao redor do lume e máis ela e decíalle ela, mira aquí tes un lunar e tocáballe na cara e meu irmao algo dudaba, e mira (diciálle ela) e aquí tes outro e aquí tes outro... pero que levaba, o dedo tinguído e donde pousaba o dedo pintábao todo e díxolle, díxolle un viciño, díxolle Sinesio!, pero el non se deu conta e ela seguiu: aquí tes outro, aquí tes outro, hasta que volveu o outro: Sinesio! Entonces el deuse cuenta, quíxolle votar a mao a ela, pero ela, largou, saltou por riba dun banco e escapou e subiu pa riba pa o cuarto, e que pasou, el foi a tras dela pero había unha señora que viñera para ahí, estaba de criada e fórase pa cama e el chega a tras dela e ela a outra meterase debaixo da cama e el engancho coa vella".

- "Hai un ano, fomos ahí a Quintela, a xunto de Armando e íbamos eu e o cuñado coa cara tapada, polo Carnaval, e resulta de que, antes da casa tiña un caseto e tiña alí os chourizos colgaos e puxemos unha restra de chourizos e José Manuel, o que iba conmigo, colgouna ao pescozo e chegamos á casa e chamamos e saliu a muller e dixo: Ay, ay! Aínda vos deron! Ay, aínda vos deron!, e Ay, ay, non sei se serán dos meus!..., efectivamente e despois Armando estaba sacando silo na beira da carretera, bueno deixámoslle a Armando os chourizos pero despois o Armando non os quería, ...non sabía que eran del... e despois deixámosllos quedar alí".

2 CARBALLO, Xosé Manuel (1993), "Memoria, presentación e prólogo," en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*, p. 4.

3 CARBALLO, Xosé Manuel. *Op. cit.* (1993), p. 4.

SERMÓN DO ANTROIDO DE VAL DE FRANCOS DO ANO 2016

ANTÓN:

Boas tardes Terra Chá,
Balmonte, Ansemar e Goberno,
volvemos a xuntarnos todos,
nestas festas do inverno.

MARÍA MANUELA

Vouvos saudar a todos,
sen olvidar a ninguén,
a ver se nos xuntamos todos,
aló pro ano que ven.

ANTÓN

Moito me deu que facer,
pra poder aquí chegar,
tal como está hoxe o mundo,
non é doado viaxar.
Despois de pasar traballos,
pasando máis fame co can,
atopei ca María Manuela,
que é "sabrosa" como o pan.

MARÍA MANUELA

Vouche preguntar unha cousa,
meu amigo "Pirolán";
¿como poder dicir tu,
que son máis sabrosa co pan?

ANTÓN

Eu levo dez anos viúvo,
e ti sete de divorciada,
¿que nos impide logo,
botar unha boa pernada?
Tes unhas pernas moi finas,

moi delgada de cintura,
e se a vista non me engana,
eres quente coma unha burra.

MARÍA MANUELA

Vai calando, vai calando,
non me chames burra quente,
que se volves a chamarmo,
non che vai quedar un dente.
Eu xa te avisei Antón,
que non son can capado,
e nadie me leva a cama,
sen casar polo xuzgado.

ANTÓN

Ti ben falas Manueliña,
e tes ben boa intención,
pero se me caso agora,
retíranos a pensión.
Vouche dicir miña nena,
lévasme moi mal principio,
imos deixar estas cousas,
pra discutir noutro sitio.

MARÍA MANUELA

Eso paréceme ben
que empeces a razonar
e vouche dar un abrazo
e volvamos a empezar

ANTÓN

Así me gusta Manuela
es muller mui civilizada
o mesmo te pos doente
caquí non pasou nada!

MARÍA MANUELA

Parei nunha discoteca
cando viña de camino
según entrei pola porta
metéronme a mau no niño.

ANTÓN

Que estás decindo Manuela
alí vai xente formal
hasta van do Val de Francos
aínda lles á parcer mal!!
Van todas mui ben pintadas
non se sabe se é nova ou vella
donde mellor se lle nota
é na barriga de ovella

MARÍA MANUELA

O que entra nesa discoteca
do polígono do Ceao
cando entra vai ben limpo
cando sale... baballao!
As damas que van alí
van por unha razón
van por tomar un chupito
e inyéctanlles o sintrón.

ANTÓN

Ahí todo fan as escuras
e non hai que ser mui bruto
hai que ter muito cuidado
para non cambiar de conduto.
Eu conozo un rapáz
que tivo unha mala embestida
a partir daquel momento
maricón pa toda vida!!

MARÍA MANUELA

Tamén aquí cerca
temos muito que rasgar
pasáronche muitas cousas
das que temos que falar!!
Vai haber unha inauguración en Castro
a próxima primavera
vanse inaugurar os nichos
á beira da carretera.
Vai ser de muitos estalos
e virá a ministra de fomento
porque do goberno central
pagaron dous sacos de cemento.

ANTÓN

Vainos inaugurar o alcalde
e dez ediles polomenos
e tamén seique vai vir
o coletas de Podemos.
Hai moitos vecinos en Castro
esto dígovolo en serio
están deseando morrer
pa estrenar ese cementerio.
Moitos vecinos de Castro
falábano o outro dia
que xa venderan os nichos
que tiñan en Duarría.

MARÍA MANUELA

Hóboche muitas peles
contáronmo uns periodistas
todos querían coller
os que teñen mellores vistas.
Un dos mellores situados
seique é pro marmoleiro
por facer tamaño obra
que encantou o pueblo enteiro!!

ANTÓN

Ese señor marmoleiro
seique é mui bon veciño
cambiáronlle o mármol negro
póñenlle rosa purriño.

MARÍA MANUELA

Eso non dependeu del
veu ordenado das alturas
nada menos ca de patrimonio
unha noite das obscuras.

ANTÓN

O alcalde deste concello
ten unha vista mui boa
si non lle quitan a idea
ha de acabar na Moncloa.
E tamén os Concejales
e mais os da oposición
andan todos apurados
queren coller o timón.

MARÍA MANUELA

Tamén traigo unha noticia
que non me parece mal
seique bachearon as pistas
desque pasou o Carnaval.

ANTÓN

Deixa xa esta xentiña
todos teñen a razón
donde andan ben revoltos
éche na Diputación.
seique teñen mui bos sueldos
polas suas dedicacións
por eso corren tanto
cando son as eleccións.

MARÍA MANUELA

Cando che piden o voto
ándanche a cien por hora
chéganche dando abrazos
ianos de votar señora??

ANTÓN

Volvendo a Diputación
seique sobran deputados
ben chegaba con Martinez
que os ten a todos acojonados.
Tamén aquí nesta zona
houbo un roubo mui sonado
venderon un contador
que seique estaba alugado.
O contador está pago
seino eu xa donde vai!
que si non me equivoco
xa o pagara seu pai!

MARÍA MANUELA

Os que levaron os cartos
non se meteron nun pendello
quixérono ir celebrar
a Ludrio, ó bar Gallego.
O que levou os cartos
xa estaba no servizo
anda que cando sallas
heiche sacar eu o vicio!!

ANTÓN

Quen o estaba esperando
pa sacarlles o diñeiro
cunha banqueta na mau
era o amigo Trigueiro.
Agarrounos os colares
como si fora un fiento
solta os cartos aquí mesmo

porque si no te reviento!!

MARÍA MANUELA

Colléronche muito medo
vaya tipo de ladrós
según lles botou a mau
fóronse polos pantalós.
Puxeron o bar perdido
non chegou cunha fregona
pa desinfectar todo aquilo
tivo que vir o Seprona!

ANTÓN

A este home tan honrado
e con tanta valentía
vámoslle entregar unha medalla
non esperemos pa outro día!
Pedímoslle o Señor Alcalde
que nos faga ese favor
de entregarle esta medalla
a este gran defensor!

MARÍA MANUELA

Ahora chegou o momento
de facer unha reflexión
aínda non temos seguro
quen vai gobernar a nación.
Muito estamos mellorando
esto si que é progreso!
ahora as diputadas
dan de mamar no Congreso!

ANTÓN

Cala a boca María Manuela
nesas cousas non te metas!
non te fixache en Rajoy
como lle atusmaba pras tetas?
Mira si lles gusta o lío

e meterse en berenjenales
puxéronse a discutir
a ver quen lle cambiaba os pañales!

MARÍA MANUELA

Ofreceuse Pedro Sánchez
e Albert Rivera tamén
pero colleuno o coletas
a este non lle toca ninguén!!

ANTÓN

Vouvos decir unhas palabras
anque sexan algo brutas
ahora bésanse no Congreso
coma nas casas de putas.
Quérenlle cambiar o nome ó Congreso
que fagan o que lles dea a gana!
por min coma se o convirten
nunha barra americana!

MARÍA MANUELA

Quen está máis barrenado
éche o señor Mas
déronlle nos fuciños
acéate para atrás!!
Ahí tedes ós Catalanes
que non queren ser de España
como non anden o xeito
hanlles duntar a badana!!

ANTÓN

Tivo que ir o médico
unha muller desta zona
porque o día que chovia
seique lle doía na... zona
Dixolle o médico a Módia:
mira tú esta señora;
que yo no he visto cosa igual

por lo menos hasta agora!
O día que chova volva
non se faga de rogar
inda que sea o Domingo
eu eina de consultar!

MARÍA MANUELA
Marchou a muller pa consulta
o que tiña que facer!
Porque xa cambiara o tempo
e empezaralle a doer!
Abra as pernas canto poida
que as medidas son mui xustas
eu creo que o que lle pasa
que lle rozan as catiuscas

ANTÓN
Con todo o xeitiño do mundo
colleu o Modia as tixeiras
e procurando non mancala
foille recortando as beiras.

MARÍA MANUELA
Recetoume o momento
o que tiña que facer
botarlle grasa de cocho
e non me volvía a doer!
Levo anos padecendo
sabe o demo de que é
unhos din de mexar dreita
outros de mexar de pé.
Vou andando polo camiño
pareceravos unha monada
que cada paso que pego
arrepuxo unha chizcoada.
Cando viña cara casa
non paraba de brincar
agora xa podo amigos

aniñarme pa mexar!!

ANTÓN
Ahí tedes o señor Lence
paréceme medio paspán
cando colle cando deixa
o equipo do Breogán.
Mala centella os coma
a el e ós do seu arredor
por facerse todos ricos
a conta do noso sudor.

MARÍA MANUELA
Dice cos ganaderos
andan salindo de festa
pasaron 37 días
na muralla de protesta.

ANTÓN
Os gandeiros calí foron
andaban todos mui panchos
chegaba o rego dos mexes
aló a fonte dos ranchos.
Pasáronvos moito frío
mirade como sería
tivéronse que ir quentar
o barrio da Tinería.

MARÍA MANUELA
Algunhos colleron catarro
outros dolor de rodillas
e tamén húbovos varios
cargadiños de ladillas!
Non vamos profundizar no tema
que aquí vimos pa festexar
pero a situación dos labregos
maldito se non é para chorar!

ANTÓN

E agora chegou o momento
de facer unha reflexión
naide sabe en que acabará
o goberno desta nación

MARÍA MANUELA

Tivemos unhos gobernos
gobernados por letrados
de tantismo que roubaron
deixáronnos arruinados.

ANTÓN

Ahora que andan todos
para metérense no allo
hémolos mandar a todos
que vayan rascar o carallo!

MARÍA MANUELA

Zapatero non foi bon
e Rajoi aínda peor!!
Pero agora hai que dobrar
que chegou o domador!!!
Con barbiña e máis coleta
polainas e chaqueta de luces
e cunha fusta na mao
todos andarán de bruces.

ANTÓN

Estes parlamentarios novos
candan buscando na silla
ahora veñen todos
con morral e zapatilla.
Outra cousa que vos digo
xa o pensei o primeiro
onde están ben os das restras
é arriba no galiñeiro.

MARÍA MANUELA

Alí están todos muy ben
xa o dixo a Villalobos
a ver si nos van pegar
unha caterma de pollos.

ANTÓN

E vamos ir rematando
xa está ben de criticar
o que hai que mirar agora
a ver quen nos ha pagar.
A comisión non é de fiar
pero arrégglase o momento
que se non nos pagan eles
xa paga o ayuntamiento!

MARÍA MANUELA

O ayuntamiento non paga
xa o dixo esta xente
o que tiña que facer
darnos unha boa inchente!
Que deso eses políticos
estanche ben entrenados
cada vez que hai comidas
acaban todos empachados!

ANTÓN

E teremos que ir rematando
xa está ben de criticar
e suponse que esta xente
logo ha querer merendar.

MARÍA MANUELA e ANTÓN

Queden logo con Dios, señores
e non nos tomen nada a mal
que a nosa función era
dar unha de area e outra de cal

OS REIS

No mes de xaneiro coa conmemoración da Epifanía é habitual atopar en Galicia os cantares de Reis, cantares con moito arraigo en zonas da montaña lucense como o caso das aldeas de Pedrafita do Cebreiro ou en zonas costeiras como Cotobade, na provincia de Pontevedra. Na maioría dos lugares, entre os días 5, 6 e 7 réunese un grupo de veciños e tres deles personifican aos Reis Magos que, a cambio dun aguinaldo, ofrecen os seus cantares.

- "Aquí os Reis, cando eu ... eu fun un ano tamén, fora eu, Paco, Benito da Carmen, Avelino de Rego e Darío da Enfita, si, fóramos un ano, cantar os Reis, ...:

Madre, a la puerta hay un niño,
más hermoso que un sol bello,
que dice que tiene frío,
viene el pobrecito en cuero.

Pues dile que entre,
se calentará
aunque en este pueblo no hay caridad,
que nunca la hubo ni la habrá.

Y después de calentado
le preguntó la patrona
¿De qué pueblo eres niño?
¿De qué pueblo y que reinado?

El niño contesta:
Yo soy de Belén,
mi padre del cielo,
mi madre también.

Hacérsela cena al niño,
hacérsela con agrado
que me é de quedar con él
como niño regalado.

El niño contesta
eso no señora,
tengo un padre santo, al que se le adora
y una madre santa, que es nuestra señora".

- "Íbamos cinco e cantaban tres e dous respondían".
Co aguinaldo conseguido "íbamos por ahí a cantina".

Os momentos de festa e divertimento non só se producían nunhas festividadeas sinaladas, como as que acabamos de ver, é ben sabido que, por exemplo, os traballos comunitarios que se facían no medio rural sempre ían asociados a un tempo de lecer, as segas, as mallas, as esfoladas, os fiandóns, etc., eran momentos de traballo pero tamén de algueirada e creatividade, cantigas ou coplas, relatos poéticos, adiviños e contos dos que veremos exemplos, amosábanse despois de rematada a xornada, e, entre toda esta xolda estaban tamén os xogos.

OS XOGOS

- "Acórdome que había o xogo do anillo, había que dar unha prenda e despois había que adiviñala, non me acordo xa". "O da zapatilla, si que me acordo, poñíanse unha rea deles, en círculo, aquí en baixo e con unha zapatilla pasábana por debaixo das pernas, estaban pegadiños uns aos outros, e empezaban: corra, corra, corra, corra! Se cadra empezaban así aquí e a zapatilla estaba doutro lado, íbanse pasando duns aos outros e un no medio para buscar a zapatilla para saber quen tiña a zapatilla, e entonces empezaron os de aquí, corra, corra, corra, corra! E a zapatilla, se cadra el viña para buscar a zapatilla cando dicían corra, corra, corra, corra! E estaba no outro lao, saían do outro lado e paf! Pegábanlle coa zapatilla ao outro nos cornos".

COPLAS

“Eres una, eres dos
eres tres y eres cincuenta
eres una catedral
donde todo el mundo entra”

“Te tienes por buena moza
eres blanca y colorada
eres como agua bendita
por todos eres apalpada”

“Andivéchete alabando
que eras la flor de Galicia
eres un cuerpo sin sangre
todo lleno de malicia”

“Todas las mujeres tienen
en el pecho dos limones
y un poquito más abajo
la perdición de los hombres”

- “Dicíamos as coplas pero cantando” cun retrouso,
“Chulito que te parece, que te parece, vi crecer la
hierba buena donde el agua no corría, yo le di mi amor
primero, que no lo merecía, chulito que te parece, que
te parece”; “o estribillo cantabámolo os dous e despois
unha e outra, unha e outra”.

RELATOS POÉTICOS

Neste relato que nos conta Edelmiro aparece a figura do crego coas súas debilidades humanas afastadas do que el en si representa.

O cura está malo,
o cura está malo
muy malito en cama
chirinvín, chirinvaina,
muy malito en cama.

A la media noche,
a la media noche
llamó a la criada
chirinvín, chirinvaina,
llamó a la criada.

Qué tiene mi amo,
quéé tiene mi amo
que tanto me llama
chirinvín, chirinvaina,
que tanto me llama.

Faime o chicolate,
faimo o chicolate
e traímo á cama
chirinvín, chirinvaina,
e traímo á cama.

Eu ben llo traía,
eu ben llo traía
pero no hay agua
chirinvín, chirinvaina,
pero no hay agua.

Coge el cantarillo,
coge el cantarillo
y vete a buscarla
chirinvín, chirinvaina,
y vete a buscarla.

El pozo era hondo,
el pozo era hondo
la sogá no alcanza
chirinvín, chirinvaina,
la sogá no alcanza.

Como era de noche,
como era de noche
la picó una rana
chirinvín, chirinvaina,
la picó una rana.

A los cuatro meses,
a los cuatro meses
ya le rebrincaba
chirinvín, chirinvaina,
ya le rebrincaba.

A los nueve meses,
a los nueve meses
parió la criada
chirinvín, chirinvaina,
parió la criada.

Trajo un chiquitín,
trajo un chiquitín
con gorra y sotana
chirinvín, chirinvaina,
con gorro y sotana.

E fillo do cura,
e fillo do cura
e máis da criada
chirinvín, chirinvaina,
e máis da criada”.

ADIVIÑOS

- “Adiviños tamén sabía uns poucos, eh!”:

“Fui de branco nacimiento,
nacé debaixo del suelo,
hago llorar a un valiente
y con grande desconsuelo” (a cebola).

“Tengo dientes y no muelas,
tengo cabeza y no pies,
vestido de capa blanca
adevine usted que es” (o allo).

“Piri anda y gil camina,
máis tonto será el que no lo adivina” (o perexil).

“Blanca por adentro, verde por afuera,
si quieres que te lo diga espera” (a pera).

“Blanco fue mi nacimiento,
encarnado mi vivir
y negra me quedé
cuando me fui a morir” (a mora).

CONTOS

Atópanse relatos na tradición popular oral que tratan de feitos ou aventuras reais, modificadas ou inventadas. Quintáns Suárez fala de diferentes tipos de relatos cadanseu cos seus matices, entre eles están os contos, as lendas e os mitos. Estes son tres xéneros de difícil diferenciación, como di Quintáns Suárez presentan “lindes difusos e ambiguos”⁴. Quintáns nas súas reflexións fai referencia a Vicente Risco que no seu estudo *Etnografía: cultura espiritual* explica a diferenza que para el teñen estes tres xéneros: “Nada é inútil na cultura popular, se cadra simplemente porque non existe na comunidade rural un exceso de nada, e todo é necesario valoralo adecuadamente. Xerarquizándoo, sen dúbida, pero tendo en conta a súa utilidade. Neste sentido poderíamos adiantar que o **mito** é a explicación do seu mundo, a **lenda** a lembranza do seu pasado e o **conto** o modo máis divertido de ensinalo todo, pero, sobre todo, os valores que deben orientar a nosa conduta.”⁵ Esta definición de conto que da Vicente Risco parécenos moi acertada e cremos axuda a encadrar os contos da mestra e da moza que nos relatou Edelmiro. Ademais, seguindo a Quintáns e Reboredo teríamos aquí un dos chamados contos da vida cotiá e contos colorados, denominación esta última adecuada por X.R. Cuba, A. Reigosa e X. Miranda aos contos que aluden á sexualidade⁶.

“Era unha vez unha maestra, que vivía nun pueblo, e tiña que ir á casa, e tiña que pasar un río, o río tiña pouca auga, pero tiña que pasalo da cabalo, e díxolle ó amo da casa onde paraba, díxolle que vaya o pequeno contigo e pasas da cabalo o rego, e así foi, marcharon e pasou o rego, pero no medio do rego a egua pegou un brinco e tirou con ela patas a riba e claro, según caeu xa se ergueu, a maestra xa se ergueu como unha bala, e díxolle ao chaval, que? has visto mi prontitud?, si pero é que non se lle chama así”

“A outra pasoulle igual, tamén: Tiña que pasar un rego, e díxolle o pai, non pases o rego se leva moita auga eh!, que perde-la honra, chegou alí e había alí, a carón dunha casa, e había un xastre e estaba ela y o pequeno, o pequeno e ela mirando a auga que levaba o rego, que levaba moita auga, e chegou o xastre e dixo e que mirades, e estaba mirando que díxome meu pai que se levaba moita auga o rego que non pasase que perdía a honra, pero non te preocupes que cha coso eu, e dixo arrima pa co, levouna pa dentro e tal, coseulla e despois dixo, irá ben, díxolle ela, irá ben cosida, espera que lle damos outra puntada, déronlle outra puntada, e claro pasou, e cando volveron díxolle, bueno e agora irá ben, volveulle a repetir por terceira vez, e dixo si, porque senón delle outra puntada, non, acabáronseme as liñas, dixo o xastre, acabáronseme as liñas, e bueno cando volveron de volta díxolle o pai, como vos foi para pasar o rego, pois foime ben que estaba o xastre alí, e deume dúas puntadas e díxome que non me podía dar máis que se lle acabaran as liñas que senón dábame máis e dixo o pequeno, ay! Acabaron oh! Se lle quedaban así dous novelos, coma dous puños!”

Ata o de agora viamos un patrimonio inmaterial vinculado fundamentalmente á festa pero non esquecemos de preguntarlle a Edelmiro sobre aquel vinculado ao patrimonio arqueolóxico do que tamén nos dá boa conta.

4 GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel / QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel (2005), *Galicia de conto*. Galicia para soñar. A Coruña. Ed. Hércules, p. 18.

5 GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel / QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel. *Op. cit.* (2005), p. 19.

6 GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel / QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel. *Op. cit.* (2005), p. 51.

VILA DE ARCAS

Vila de Arcas foi un asentamento de época romana que o Catálogo Arqueolóxico da Xunta de Galicia do ano 2012, referíndose á ficha feita no ano 1998, sinala como vila, ficha modificada no ano 2005 onde o xacemento pasa á categoría de Referencia “baseándose en que non se aprecian vestixios de ningún tipo, e en que a bibliografía refírese á aparición de materiais sen especificar”. Vila de Arcas sitúase no lugar das Estrigueiras, á marxe esquerda do regato Marquesiño, na parroquia de San Salvador de Ansemar, no municipio de Castro de Rei.

No artigo publicado por Felipe Senén López Gómez no ano 1979 nas *Actas do XV Congreso Arqueolóxico Nacional*, celebrado en Lugo no ano 1977 e reeditado na revista *Croa* no ano 1997, “O folclore do Castro de Viladonga e da súa bisbarra”⁷, recóllese unha referencia a este xacemento feita por unha das persoas preguntadas nos anos 1974 e 1977, Concha de Vega Díaz.

“Na Agra de Arcas aparecen tellas vellas e restos de valados empedrados como os do Castro. Na Arca de Abaixo apareceu un trozo de muíño que ten Luis Fdez. Carballo. Na Arca de Arriba apareceu unha moeda que ten o mesmo señor. Noutro tempo chamábanlle ao lugar a Vila; Vila de Arriba e Vila de Abaixo... Tamén se dicía que por eiqui atrás da Eirexa de Ansemar iba un camiño que levaba ao Castro...” (C. de Vega).

“Vila de Arcas son dúas arcas separadas por un camiño, a Arca de Arriba e a Arca de Abaixo, e entre elas o camiño vello, agora é carretera”, “o camiño vello iba ás Escanabadas, desde Carril á Escanabadas”, “É un barrio que lle chaman as Escanabadas” (Edelmiro).

CASTRO DE VILADONGA

Paulatinamente os castros deixan de ser espazos onde as comunidades galegas se estableceron para vivir, para pasar a ser un elemento máis onde xorden e descorren os mitos e lendas da tradición oral dun pobo.

Edelmiro cóntanos historias de tesouros, canles, minas e fontes soterradas no Castro de Viladonga e nos seus arredores, delas tamén daban conta os informantes aos que tivo a sorte de coñecer e cos que puido falar o xa mencionado Felipe Senén e que aínda permanecen na memoria das xentes que viviron preto deste xacemento.

“Téñolle oído aos meus abuelos, que en Villadonga había unha casa que era muy rica e que aparecera unha vez unha vaca fregándose a un valao descubriran unha grade de ouro ahí no Castro de Villadonga e que esa casa puxérase rica a conta deso pero!... eso son cousas antigas... E que había tamén un camiño, o sea unha cueva, como unha mina que baixaban do Castro de Villadonga os moros levar os cabalos a beber aló ó río da Pena, o Coutodá, que había un camiño por baixo da terra. Río da Pena é un barrio que hai alí en Coutodá” (Edelmiro).

7 LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén. (1979), “O folclore do Castro de Viladonga i da súa bisbarra”, en *XV Congreso nacional de arqueología* (Lugo 1977). Zaragoza, p. 624, 628-629.

A MINA DE TOXEIROS VELLOS



Mina de Toxeiros Vellos

D. Manuel Amor Meilán na súa *Geografía General del Reino de Galicia* publicada no ano 1928 xa facía referencia á mina romana de Toxeiros Vellos: “En el monte de Toxeiros, de la parroquia de Azúmara, existe una mina arsenical, de la que se extraen en el horno de calcinación algunas cantidades de plata y aun se dice que de oro. En las épocas de laboreo ocupa de unos veinte a treinta obreros. Su existencia se remonta a la época romana, y si su importancia ha de deducirse por los gastos en ella realizados por sus concesionarios, no hay duda que debe aquella ser más que mediana”⁸.

“Eso xa pertencía aos montes de Santa Leocadia. Desde Toxeiros Vellos decíase que chegaban minas, galerías... e chegarían porque alí aínda hai un pozo que dicen que é un respiradero que tiña a mina... en Gobierno, bueno non sei si pertence a Gobierno”.

⁸ AMOR MEILÁN, Manuel (1928), *Geografía General del reino de Galicia. Provincia de Lugo*. Dirigida por F. Carreras y Candi. Casa editorial Alberto Martín. Barcelona, p. 234.

BIBLIOGRAFÍA

AMOR MEILÁN, Manuel (1928), *Geografía General del reino de Galicia. Provincia de Lugo*. Dirigida por F. Carreras y Candi. Casa editorial Alberto Martín. Barcelona.

BLANCO PRADO, J.M. / PERNAS BERMÚDEZ, M^a C. (2009), "Acheegas históricas ao entroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI", en *Croa. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga*, nº 19. Xunta de Galicia, pp. 58-83.

Galicia. Antropoloxía. Artesanía. Sociedade (1997), Tomo XXVI. Hércules Ediciones. A Coruña.

Galicia. Antropoloxía. Imaxinario. Literatura popular (1997), Tomo XXVII. Hércules Ediciones. A Coruña.

Galicia. Antropoloxía. Relixión. Crenzas. Festas (1997), Tomo XXVIII. Hércules Ediciones. A Coruña.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel / QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel. *Galicia de conto. Galicia para soñar*. Ed. Hércules. A Coruña, DL 2005.

LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén. "O folklore do Castro de Viladonga i da sua bisbarra", en *XV Congreso nacional de arqueología*. Zaragoza, 1979.

Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido (1993). Asociación Cultural "Val de Francos". Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Política Lingüística.

